

DEUS É SUAVE

Realmente non sei moi ben como empezar isto, sei que o teño que facer porque o prometín e unha promesa é unha promesa.

Comezarei por dicir que ás veces os tópicos convértense en verdades coma puños. Dous exemplos. os "galegos non sabemos apreciar o que temos" ou "ninguén é profeta na súa terra". Si, estou a falar de Los Suaves.

Quen dicía que en Galiza non se facía música sen saír de gaitas e pandeiretas? Aquí os temos, dende fai mais de vintecinco anos que os temos! Sacando disco cada dous ou tres anos e xirando incesantemente e 'internacionalmente' por España.

En definitiva, paseando o nome da Galiza como até agora non fixo ningún artista galego (por favor, non se admiten gaiteiros nin Luces Casales...)

Nacen a finais dos setenta, en Ourense, da man dos irmáns Domínguez (Yosi, Charly e Javier) a que sería e é unha das bandas mais emblemáticas do rock duro estatal.

Porén, non sería até 1981 cando lles chegaría a súa primeira gran oportunidade ao telonear aos Ramones en A Coruña. Los Suaves pasaron con nota, e uns irmáns recoñeceron aos outros coma os mellores teloneiros da súa xira europea, o que posibilita que en 1982 editen "Esta vida me va a matar". Con clásicos como "Peligrosa Maria", "Siempre igual" ou o tema que



lle da nome ao disco, non acadan o éxito desexado, pero de todos os xeitos lévaos a gravar o seu segundo álbum. "Frankenstein", tamén de escaso éxito, o que sume a banda no punto máis baixo de toda a súa carreira. E nese momento cando chega Gelo como batería e regresa Montxo como guitarra solista.

No ano 1987 publícase o terceiro disco, "Ese día piensa en mí", con auténticos himnos como "Dolores se llamaba Lola", o tema mais coñecido (non por iso o mellor...) da historia da banda, "No puedo dejar el rock" ou "Solo pienso en dormir". A pesares disto, Los Suaves seguen sinalados como 'banda maldita', e como de

costume seguen arrastrándose polos garitos de toda España, a procura do despegue definitivo.

Produto desa xira por diversos puntos do estado (Andalucía e Madrid principalmente, alí apreciábanos...), sacan o seu primeiro directo, "Suave es la noche" (1989). Este disco, por fin, supón o afianzamento do grupo e comezan a choverlle discográficas, aínda que os ourensáns seguen na santiaguesa "Clave Records", coa que editan os seu quinto plástico, "Maldita sea mi suerte". Un dobre álbum, gravado integramente en estudo e donde se deixa notar a incorporación de Alberto Cereijo, posibelmente dos mellores guitarristas que dera

DEUS É SUAVE

nunca o país. Desgraciadamente esta substitución por Hermes (antigo guitarrista) debeuse a que o cubano sufría unha enfermidade dexenerativa que lle impediría seguir tocando.

O éxito, entón, é tal, que empezan a codearse cun elenco de grandes músicos para os seus 'macroconcertos', e con temas como "Pardao" ou "La noche se muere" obteñen o seu primeiro disco de ouro. Foi entón cando por primeira vez actuaron nunha televisión, na TVG, nun 'playback' moi logrado...

Este éxito contrasta por outro lado, coa temática do grupo, influenciada en música e letras pola visión pesimista da vida e do mundo que imprime Yosi en todos os temas, deixando reflectido moitas das súas vivencias persoais (... "Dios está enfermo/ el tiempo anda al revés/ el mundo está muriendo/ ino vengas ya!...")

Coa mesma temática, pero cun son moito mais duro, editan unhas "Malas noticias" (1993) que expanden a fama do grupo por todos os recunchos do estado e en emisoras e televisións que anos atrás os tiveron no maior dos esquecementos. A partires de aí, sacan discos coma churros, uns de mellor calidade ca outros, pero acadando disco de platino con "Santa Compañía" e enchendo estadios co seu directo "Hay alguien ahí?", posibelmente o capítulo máis brillante dos últimos anos no país.



Un par de discos máis, "San Francisco Express", metaforizando o curso da vida como 'un tren que estamos deixando pasar', e un 'particular' "Vispera de todos los santos"? (2000) convierten definitivamente a banda en lenda. Incluso chega a telonear aos míticos Rolling Stones, en Santiago de Compostela.

Actualmente aínda seguen xirando cos seus últimos traballos, "Si yo fuera Dios" (2004) e "El jardín de las delicias" (2005), como levan facendo toda a vida, incansabeis.

Para rematar isto direi que se aínda non os escoitastes, que aínda estades a tempo, que milagrosamente seguen todos vivos e pasando por casa cada 'relativamente' pouco tempo, a min fáiseme moi longo o tempo de espera, que xa teño ganas de suar como un porco e quedar afónico para dous días. Ben, con isto si que remato. Ves Zeltia como non me comeu a lingua o gato?

Novás

